






E [normalizacion@concellodeames.org](mailto:normalizacion@concellodeames.org)  
 W [www.concellodeames.org](http://www.concellodeames.org)  
 T 981 884 991



 **Concello de AMES**  
 Concellaría de Cultura, Educación  
 e Patrimonio

Colabora  
**FEIRACO**  
 FUNDACIÓN 



## BASES

### PRIMEIRA.-

Poderá concorrer a este certame calquera persoa que presente textos inéditos escritos en lingua galega. O tema é libre.

### SEGUNDA.-

As persoas participantes enviarán **catro exemplares** do texto, en folios mecanografados por unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra 12.

En narrativa, a extensión mínima será de 2 páxinas e a máxima será de 6.

En poesía, a extensión mínima será de 20 versos e a máxima será de 50.

Só se poderá presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades.

Os textos deberán remitirse antes do **12 de abril de 2012** ao seguinte enderezo: Concello de Ames (Servizo de Normalización Lingüística). Avda. de Azcárraga, nº 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña.

### TERCEIRA.-

Para garantir o anonimato, nos textos **non poden aparecer os datos persoais** dos autores nin a súa sinatura. En cada un dos catro exemplares terá que figurar a modalidade na que participa (narrativa ou poesía), a categoría (1ª, 2ª ou 3ª) e o pseudónimo do autor ou autora.

Os datos persoais (nome, apelidos, idade, fotocopia do DNI, teléfono de contacto e enderezo postal e electrónico) introduciranse nun sobre pechado. No caso das persoas menores de idade, deberán figurar, ademais, os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante. No exterior deste sobre figurará o pseudónimo, a categoría e o título do traballo.

O sobre cos datos persoais e as catro copias do texto introduciranse nun sobre máis grande. No remite deste sobre grande terá que marcarse claramente a modalidade (narrativa ou poesía), a categoría (1ª, 2ª ou 3ª) e o pseudónimo do autor ou autora (nunca o nome real).

### CUARTA.-

En cada modalidade do certame establécense tres categorías e, en cada categoría, tres premios coa dotación económica que se especifica a seguir:

#### 1ª Categoría (ata os 13 anos)

1º premio: 120 euros

2º premio: 90 euros

3º premio: 60 euros

#### 2ª Categoría (dos 14 aos 18 anos)

1º premio: 150 euros

2º premio: 120 euros

3º premio: 90 euros

#### 3ª Categoría (máis de 18 anos)

1º premio: 210 euros

2º premio: 150 euros

3º premio: 120 euros

### QUINTA.-

O xurado estará formado por tres membros de recoñecido prestixio dentro do mundo da cultura e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Ames. Un dos membros do xurado designarao a Asociación de Escritores en Lingua Galega e os outros dous serán designados polo propio Concello de Ames. A súa composición farase pública con anticipación á emisión do ditame.

### SEXTA.-

A decisión do xurado anunciarase publicamente o **14 de maio de 2012** e os premios entregaranse o **17 de maio de 2012** nun acto público que se celebrará na Casa da Cultura do Milladoiro.

### SÉTIMA.-

O Concello de Ames publicará os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto, sen apercibimento de dereitos de autoría e compensando os autores ou autoras con 5 exemplares do volume que se edite. As persoas gañadoras do certame deberán entregar os textos en formato dixital. Se o autor ou autora publica pola súa conta un dos textos gañadores, deberá facer referencia ao premio obtido neste certame.

### OITAVA.-

As obras poderán retirarse, previa solicitude, dentro dos tres meses posteriores á decisión do xurado. Así que transcorra ese prazo, os traballos que non obtiveran premio destruíranse. O Concello de Ames non manterá correspondencia cos autores e autoras dos textos presentados nin asume responsabilidade ningunha pola eventual perda dalgún orixinal.

### NOVENA.-

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas recollidas nestas bases, así como a aceptación da decisión do xurado designado, decisión que será inapelable.